



Marco europeo común de referencia para as linguas: aprendizaxe, ensino, avaliación

XUNTA DE GALICIA



Niveis de competen en lingua galega

Descripción de habilidades e de contidos adaptados
ao Marco europeo común de referencia para as linguas

XUNTA DE GALICIA

Nivel C1 en lingua galega

Habilidades e contidos adaptados ao Marco europeo común de referencia para as linguas (MECRL)

Os contidos lingüísticos e gramaticais presentados e traballados neste libro atenden ao compromiso de fornecer os recursos necesarios para que unha persoa acade un nivel C1 en lingua galega, segundo a descripción do Marco europeo común de referencia para as linguas do Consello de Europa, que se corresponde coas esixencias establecidas no Celga 4. Malia isto, e como xa se dixo na introdución, este libro non dispensa a orientación dun profesor que acompañe o alumno no traballo cotián e compartido que esixe cada unha das unidades, e así facer a aprendizaxe máis completa e dinámica.


Segundo a descripción xeral deste nivel de competencia, as persoas que o superen deben posuír un alto dominio da lingua, de xeito que lle permita desenvolverse en distintos contextos comunicativos (persoal, público e académico), sen mostrar moitas dificultades para encontrar as expresións más axeitadas. Así, será capaz de comprender textos más extensos e cun alto grao de dificultade, tanto orais coma escritos. Asemade, poderá producilos cun uso correcto da norma ortográfica e morfosintáctica e dos mecanismos más comúns de organización e cohesión textual.

Entre outras cousas, poderá, logo de acadar este nivel, falar de cambios e transformacións e tamén valorar experiencias propias e alleas, poderá expresar distintos graos de coñecemento e certeza e será capaz de transmitir deseños e preferencias, desilusión, fastío, nostalxia, rexeitamento ou indignación. Ademais, será quen de facer invitacións e suxestións e de dar instrucións con bastante precisión, así como de argumentar e negociar. En canto ao control da comunicación será capaz de valorar a capacidade comunicativa propia e allea e, respecto á interacción oral, poderá indicar que a intervención está sendo mal interpretada e saberá pedir un cambio de tema ou empregar os mecanismos lingüísticos pertinentes para o control da quenda de palabra.

De xeito máis pormenorizado, un falante que posúa o nível **C1** terá as seguintes habilidades:

Comprensión oral

- Será capaz de seguir sen apenas dificultades un discurso extenso sobre temas moi diversos e terá poucas dificultades para entender e seguir os discursos descontextualizados e pouco estruturados.
- Poderá comprender mensaxes relacionadas coa vida cotiá, académica e laboral como conversas, interacciones e debates, textos informativos con pouca calidade acústica, explicacións sobre o funcionamento de aparellos, discursos televisivos e radiofónicos de diversos tipos e presentacións, conferencias e debates sobre temas de actualidade.



Non podo.
Teño que quedar na
casa ata que volva
a miña irmá.


Comprensión escrita

- Posuirá capacidade para ler e entender textos escritos extensos e de bastante complexidade que traten temas xerais ou da súa especialidade, áinda que algunas veces teña que volver sobre as partes más difíceis.
- Será quien de extraer a información máis relevante de textos expositivos e a tese e argumentos de textos de opinión e poderá, en todos eles, identificar a estrutura e as partes en que están organizados.
- Estará tamén en condicións de entender correspondencia persoal e profesional especializada, instrucións extensas e complexas sobre o funcionamento de aparellos domésticos, textos literarios cun nivel medio de complexidade lingüística, estrutural e temática e textos xornalísticos de tipoloxía diversa.

Expresión oral

- Utilizará oralmente a lingua de maneira correcta, ben estruturada e fluída e demostrará o dominio dunha serie de recursos lingüísticos que lle permiten expresarse con claridade sobre unha gran variedade de temas xerais, profesionais e académicos.
- Saberá defender o seu punto de vista e argumentar con convencemento e participar nunha entrevista como entrevistado e como entrevistador. Saberá tamén poñer as súas opinións en relación coas expresadas por outras persoas.
- Será quien de manter unha conversa con fluidez, espontaneidade e adecuación, mostrando algunha dificultade únicamente nos temas que lle resulten alleos.
- Poderá realizar presentacións claras e detalladas sobre temas diversos, negociar unha solución de conflitos (desculparse, reclamar, pedir responsabilidades etc.) e intervir en debates nos que se traten temas de certa complexidade e pouco coñecidos.

Churrascada con incendio en Monte Lobeira



Cara ás 12 h da noite de onte, declarouse un incendio no Monte Lobeira. O lume iniciouse cos rescaldos dun churrasco que, ao parecer, fixeron uns mozos da bisbarra, entre os que se encontraba a poeta Carla Goldar. Os rapaces, crendo que as cinzas estaban completamente apagadas, apartáronse do lugar no que prenderan o lume e antes de que se desen conta, o lume volvے a aparecer.

Afortunadamente, as chamas espalláronse despois de que o grupo xa estivese máis afastado do lugar, en boa medida pola arriscada acción dunha muller dos arredores, que aproximou o seu coche preto do foco onde se iniciou o lume, de xeito que puido evacuar rapidamente os mozos. O incendio propagouse con celereza e alcanzou unha zona boscosa de difícil acceso. Unha patrulla de catro garda civís procurou acceder á zona e tentou dominar a extinción do lume, pero non o conseguiu. Os *land rover* dotados únicamente duns bidóns de auga con mangueiras resultaron insuficientes para apagar as lapas.

Así foi como o dispositivo do corpo municipal de bombeiros de Vilagarcía de Arousa, que xa fora alertado polos propios involucrados, se dirixiu ao lugar do sinistro, pero, antes de chegar, sufriu unha grave avaría, o que obrigou a acudir aos bombeiros de Vilanova de Arousa, a localidade máis próxima. Non obstante, as condicións meteorolóxicas foron favorables á extinción: o vento era case nulo e, pouco despois de chegar a dotación de bombeiros de Vilanova, unha forte tormenta axudou a que o lume non se propagase.

Por fortuna, non houbo que lamentar danos materiais de importancia, agás algún desperfecto nos *pisos piloto* da construtora Lobarnerías S.A. Polo contrario, as consecuencias do incendio si foron devastadoras tanto para a paisaxe como para a diversa fauna da zona, tal como alertaron diversas *onenqués e clubs* de aficionados á ornitoloxía, posto que o Monte Lobeira é o hábitat de especies como *pombas torcaces*, rulas ou paporrubios, cuxos exemplares lamentablemente puideron resultar extintos coa acción devastadora das lapas.

Esta madrugada, antes da saída do sol, deuse por extinguido o incendio e a alcaldesa, en representación do concello, estuda condecorar a Isolina Outeiro Rual, convertida na heroína da xornada ao facilitar o salvamento dos rapaces.



Nivel C1 en lingua galega

Expresión escrita

- Posuirá capacidade para escribir textos de certa complexidade de forma correcta, clara, fluída e adecuada ao interlocutor e á finalidade do discurso.
- Non terá dificultade para destacar as ideas principais dun texto e para expoñer axeitadamente as súas opinións, así como para describir con precisión obxectos, persoas e situacions e expresar experiencias e sentimientos nun estilo adecuado á finalidade e ao destinatario.
- Será quien de redactar notas, cartas, mensaxes electrónicas dirixidos a distintos destinatarios e con diferente finalidade, redactar exames e traballos académicos de distinta natureza e elaborar resumos, paráfrases e comentarios críticos de textos informativos e expositivos.

Lingua e sistema: coñecemento do código

- Os contidos relacionados co código lingüístico –gramaticais, fonéticos, ortográficos e léxicos– que se consideran necesarios para desenvolver de xeito satisfactorio as devanditas funcións comunicativas son os que se atopan nas seccións de gramática distribuídas ao longo das unidades do libro e no resumo gramatical.

Lingua, cultura e sociedade: contidos socioculturais

- Os contidos culturais cumpren a función de servir como soporte para a comprensión do universo sociocultural no que se desenvolve a lingua galega. Polo tanto, neste nivel realizarase un achegamento a algúns aspectos da historia ou da actualidade de Galicia, a través da indagación sobre acontecementos relevantes de tipo social, cultural, ambiental, deportivo etc. Esta aproximación apoiarase en fontes diversas e en informacions fornecidas en diferentes modalidades de lingua e en formatos variados: textos impresos, imaxes, gráficos, material audiovisual etc.

ACTA DA XUNTA DIRECTIVA DE PROPIETARIOS

En Padrón, cando son as 18:00 horas do día 14 de abril de 2008, no local social do edificio Cavinsa, da rúa de Martínez Alba, nº 40, reunidos os membros da Xunta Directiva de Propietarios, baixo a presidencia de D. Leandro Gómez Xusto e actuando como secretario D. Álvaro Vélez García, desenvolveuse a reunión, segundo o previsto na orde do dia:

1. Lectura e aprobación da acta da reunión anterior.
2. Estudadas as ofertas de reparación, acordouse, por unanimidade, renovar os ascensores e solicitarlle un orzamento á compañía que ofreceu a mellor relación calidade-prezo.
3. Oídos os argumentos do interesado, desestimouse a petición de D. Marcelino Arias Louxo de ampliar nun andar os edificios da rúa Marcelle.
4. Acordouse, por maioria, instalar calefacción centralizada e redistribuir os gastos proporcionalmente, en función do tamaño das vivendas.
5. Decidíuse someter á consideración do gabinete xurídico a posibilidade de habilitar ventas nos áticos e levar a súa aprobación á Asemblea Xeral de Propietarios.

Fóra da orde do dia, foron deliberados os seguintes puntos:

6. Dada a quebra da empresa que se dedicaba á limpeza dos garaxes, aprobouse pedir orzamentos a outras compañías coa máxima urxencia, para que xa se poída levar a cabo o mantemento dos garaxes do mes de maio.
7. Propúxose para cada vivenda unha cota de 20 € para festexar o San Xoán.
8. Nomeouse a D. Xosé Méndez Diez como organizador dos preparativos da festa.

Ao non haber máis asuntos para tratar, e lidos os acordos tomados, asinan os asistentes e levántase a sesión ás 20:00 horas.

O presidente,



Padrón, 14 de abril de 2008.

O secretario,



VERBO	SUBSTANTIVO DE PROCESO/ACCIÓN
actuar	a realización
	a perda
decidir	
restrinxir	
descubrir	
	a proba
	a compra
suprimir	
	o aumento
	a diminución
contaminar	
reciclar	
cambiar	a protección
ADJECTIVO	SUBSTANTIVO DE CUALIDADE/PROPIEDADE
belo/a	a igualdade
	a tranquilidade
sociable	
tímido/a	
escaso/a	
	a sinceridade
escuro/a	
capaz	
fino/a	
largo/a	
alto/a	
certo/a	